

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

RESOLUCIÓN DO 6 DE ABRIL DE 2022, DA SECRETARÍA XERAL DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL, POLA QUE SE DESIGNA O TRIBUNAL QUE AVALIARÁ A PROBA EXTERNA DO PROGRAMA DE DOBRE TITULACIÓN DE BACHARELATO E BACCALAUÉAT PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022.

O Real Decreto 102/2010, do 5 de febreiro, modificado polo Real Decreto 95/2014, do 14 de febreiro, polo que se regula a ordenación das ensinanzas acollidas ao acordo entre o Goberno de España e o Goberno de Francia relativo á dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat* en centros docentes españois.

A Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat*, *Bachibac*, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18.

A Resolución de 22 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se ditan instrucións relativas ao programa de dobre titulación *Bacharelato-Baccalauréat* correspondentes ao curso 2021/2022.

A Resolución do 21 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca a proba externa do programa de dobre titulación de Bacharelato e *Baccalauréat* para o curso académico 2021/2022 e se ditan instrucións para o seu desenvolvemento.

A nova estratexia *EDUlingüe2030*, para o fomento e desenvolvemento de programas de plurilingüismo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, contempla, como un dos obxectivos estratéxicos, a potenciación de programas en lingua estranxeira para o establecemento dun marco de relacións estratéxicas cara á internacionalización dos centros educativos.

Co fin de coordinar a organización e desenvolvemento da proba externa para a obtención da dobre titulación de Bacharelato e de *Baccalauréat*, é necesario nomear o tribunal avaliador.

En virtude do cal, e en exercicio das súas competencias, esta Secretaría Xeral

RESOLVE

Primeira

Nomear como membros do tribunal avaliador da proba externa as seguintes persoas:



Presidenta: Dona Mar Villaverde Lamas, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés.

Vogal Secretaria: Dona Sonia Vázquez Gómez, funcionaria do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Francés.

Vogal: Don Jacobo Lorenzo Nespereira, funcionario do corpo de profesores de Ensino Secundario na especialidade de Xeografía e Historia.

Segunda

As funcións e competencias deste tribunal quedan reflectidas na cláusula sexta da dita Resolución do 21 de marzo de 2022.

José Luis Mira Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional